



Concello de Mugardos  
(A Coruña)

## BANDO SOBRE A APLICACIÓN DE MEDIDAS DE CONTENCIÓN DOS CONTAXIOS DA COVID-19

Polo presente comunícase a toda a veciñanza do Concello de Mugardos, que tras ter cofecemento do anuncio da Xunta de Galicia de incluír a Mugardos no peche perimetral da comarca (Ferrol, Ares, Neda, Narón, Fene e Mugardos), vaise proceder a tomar as seguintes medidas e recomendacións, sen detrimento que o Concello poda restrinxir se a situación o require, aplicables a partir das 00:00 horas do día 07.11.2020 por un período dun mes:

1. **Prohibido entrar/saír do perímetro dos concellos sinaliados con anterioridade, agás por motivos:**
  1. sanitarios
  2. retorno ao fogar/familiar
  3. por coidado a dependentes.
  4. laborais, trámites administrativos inaprazables, requirimentos públicos, xudiciais, notariais
  5. educativos, exames ou probas inaprazables
  6. forza maior
2. **Prohibido reunións agás convivintes**
3. **Recomendacións persoas > 75 anos, vulnerables e enfermos respiratorios:** non saír en horas de alta concentración de xente
4. **Prohibidas:** festas, verbenas, eventos, atraccións
5. **Lugares de culto:** aforo <50% ou máximo 25 persoas
6. **Velorios e enterros:** máx 25 persoas ao aire libre/ 10 no interior (comitiva enterramento ou incineración máximo 25 persoas)
7. **Celebracións relixiosas ou civís:** máx 100 persoas ao aire libre/ 50 en espazos pechados
8. **Transporte:** escolar sen límite, no resto máxima capacidade sen usar asentos contiguos agás convivintes, prazas de pé ocupación dunha 6ª parte das prazas.
9. **Actividades culturais** nun máximo de 5 persoas mais un monitor

### MANTEÑEN O AFORO MÁXIMO DE 50% E RESTRINXEN AFLUENCIA:

- Bibliotecas, arquivos, museos, exposicións: prohibidas as actividades en grupo distinto do grupo de convivencia.
- Cines, teatros, auditorios: máximo 30 persoas espazos pechados / 75 ao aire libre.
- Actividade física non federada: individual (colectiva se son convivintes)
- Eventos deportivos, competicións, etc: máx 30 persoas espazos pechados/ 75 ao aire libre
- Actividades tempo libre: máx. 50 persoas aire libre / 25 recintos pechados, grupos 6 persoas
- Congresos, encontros, conferencias, reunións profesionais, de comunidade, etc: 30 persoas espazos pechados/ 75 aire libre

### PECHE E CESE DE ACTIVIDADE DE:

- espazos de lecer infantil
- hostalaría e restauración (agás servizo de entrega a domicilio ou recollida)

### MANTÉN ACTIVIDADE: (coas restricións)

Museos, bibliotecas, espectáculos e actividades deportivas (pabillóns, ximnasios, piscinas competición, outros recintos deportivos)

### Mantense en todo o territorio a prohibición de mobilidade entre as 23:00h-6:00h.

Este Concello a maiores das restricións reforzará as medidas de desinfección en zonas de concurrencia de público, ademais dos parques sumaranse: Centro de Saúde, Mercado Municipal, Farmacias, Xulgado de Paz e Centros Educativos

**Trasladar a veciñanza tranquilidade, trátase de medidas de prevención para intentar conter a transmisión de contaxios, aínda que agora non son preocupantes deberemos de anticiparnos para preservar a saúde o máximo posible.**

Mugardos, 6 de novembro de 2020

O alcalde

Juan Domingo de Deus Forticoba

